



CONCELLO DE
OLEIROS

ANUNCIO DE CRÉDITOS DISPONIBLES NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE OLEIROS PARA A PROMOCIÓN DA CULTURA E O DEPORTE PARA O ANO 2018

1º.- Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de setembro de 2018, aprobáronse as Bases específicas e Convocatoria para a concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción da cultura e o deporte para o ano 2018, que foi publicada no BOP nº 192, de 8 de outubro. (Ref. BDNS 417691).

2º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de setembro de 2018 aprobáronse as Bases específicas e Convocatoria para a concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte para o ano 2018, cos seguintes importes:

- 2018/80.3340.48900 (*Cultura. Promoción cultura. Outras transferencias a Entidades*) .- 48.000 euros.
- 2018/80.338.48900 (*Cultura. Fiestas populares. Transferencias corrientes a Entidades*) .- 3.000 euros.
- 2018/82.3260.48905 (*Enseñanza.Serv.complem.Transf.ctes.APASy colegios*).- 135.000 euros.
- 2018/81.341.48903 (*Deportes. Promoción y fom.. Transferencias entidades deportivas*).- 87.200 euros.

3º.- O artigo V das bases dispón que o órgano concedente é o Alcalde.

4º.- Mediante Decretos da Alcaldía 5407/2018, de 21 de decembro, e 5485/2018, de 26 de decembro, foron concedidas as subvencións a favor das ANPAs e Centros de ensino público por un importe total de 128.448,47 euros, con cargo á aplicación presupostaria 82.3260.48905, resultando créditos sobranceiros na mesma.

5º.- O artigo I das Bases específicas establece que *unha vez que sexan concedidas as subvencións e despois de comprobar que nalgunha das aplicacións sinaladas non se ten agotada a cantidade máxima orzamentada, se fose necesario para atender a todas as solicitudes, poderase variar o importe máximo, traspasando fondos entre as aplicacións, e tramitando a correspondente modificación orzamentaria de transferencia de crédito se fose necesario.*

6º.- Mediante Resolución da 1ª Tenente de Alcalde delegada de Economía e Facenda de data 27 de decembro foron transferidos 4.000 euros dende a aplicación 82.3260.48905 á 81.341.48903.

Polo exposto, en cumprimento do disposto no artigo 58.5 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, DISPOÑO:

Primeiro.- Declarar os seguintes créditos dispoñibles e a distribución definitiva dos créditos correspondentes á convocatoria sinalada:

- 2018/80.3340.48900 (*Cultura. Promoción cultura. Outras transferencias a Entidades*) .- 48.000 euros.

- 2018/80.338.48900 (*Cultura. Fiestas populares. Transferencias corrientes a Entidades*). - 3.000 euros.
- 2018/82.3260.48905 (*Enseñanza.Serv.complem.Transf.ctes.APASy colegios*).- 131.000 euros.
- 2018/81.341.48903 (*Deportes. Promoción y fom.. Transferencias entidades deportivas*).- 91.200 euros.

Segundo.- Publíquese do mesmo xeito que a convocatoria.

Oleiros, 28 de decembro de 2018

O alcalde,



Asdo. Angel García Seoane